



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



XOSÉ CARLOS CANEIRO
Os dominios de Caín
Sobre estética e liberdade na literatura
Colección ENSAIO

EDITORIAL GALAXIA 2006, 188 páxinas

P. V. P. 16 € IVE incluído

978-84-8288-933-7



LITERATURA EN LIBERDADE

Un libro de ensaios dun escritor é a porta de entrada máis directa á súa obra literaria, no caso de ***Os dominios de Caín***, de Xosé Carlos Caneiro, o autor vai máis alá e fai un intenso alegato a prol da literatura. Con paixón, pero tamén con rigor, Caneiro achéganos ao universo literario, aos seus autores favoritos. Como dicía Borges, cada escritor inventa os seus propios precursores. Editorial Galaxia publica na súa colección de ensaios un libro que é unha auténtica confesión de amor, de amor á literatura.

A paixón do escritor pola literatura amósase tamén na súa **paixón pola lectura**. Neste libro de ensaios sobre estética e liberdade na literatura, Xosé Carlos Caneiro define o seu propio territorio literario, comparte cos lectores e lectoras todo un universo de lecturas, autores e personaxes, precisamente aqueles que configuran o que Caneiro define como “literatura a contracorrente”. Fronte á “ditadura do simplismo”, *Os dominios de Caín* constitúen unha defensa da literatura como maneira de entender a vida. O libro é unha interesante e polémica reflexión sobre o destino da literatura, sobre a función do escritor e a arte literaria, sobre as relacións entre estética e mercado e sobre a literatura como liberación.

Os dominios de Caín son unha lectura orixinal, persoal, non exenta de paixón, da tradición literaria, unha tradición na que, para Xosé Carlos Caneiro, Joyce comparte espazo con Otero Pedrayo, Borges con Risco e Cunqueiro con Cela. Un libro para **gozar da literatura**, para intentar comprendela, para abranguela na súa complexidade pero, sobre todo, para incitar a ler máis.

XOSÉ CARLOS CANEIRO (Verín, 1963) comezou publicando poesía no ano 1984 (*O esculpido sorriso dos teus beizos*). Foi Premio Xerais de novela con *O infortunio da soidade* (1992) e Premio Torrente Ballester de narrativa 1996 con *Un xogo de apócrifos*. En 1999 obtivo o Premio de novela García Barros con *Talvez melancolía*, e no ano 2000 o Premio Risco de literatura fantástica coa novela *A rosa de Borges*. Premio Eixo Atlántico de narrativa galega e portuguesa e Premio Blanco Amor por *Ébora* (2000), é un dos escritores galegos máis traducidos a outras linguas. En 2003 publica a novela *Ámote*.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es